



CONVOCATORIA A MATRÍCULA PARA MÁSTERES CON PRAZAS VACANTES E SEN LISTAXE DE AGARDA PARA O CURSO 2025/26 (TERCEIRA RELACIÓN)

Unha vez rematado o cuarto prazo de matrícula tras o prazo extraordinario de preinscrición nos másteres universitarios que se imparten na Universidade da Coruña no curso 2025/26, aqueles que teñen prazas vacantes e non teñen listaxe de agarda poden ofertar estas prazas, sempre que se considere factible un aproveitamento adecuado dos estudos tendo en conta o tempo transcorrido dende o inicio do curso académico, para as persoas que estean interesadas en cursalos, sempre e cando cumpran os requisitos para a súa admisión. A relación de másteres que se ofertan aparece recollida no Anexo I deste documento.

Para solicitar praza, a persoa interesada deberá indicar o máster que quere cursar nun correo electrónico dirixido á dirección que se indica no Anexo I deste documento, en función do máster universitario elixido. Este correo irá acompañado da documentación que se indica no Anexo II deste documento e levará como adxunto un documento no que figuren os datos que se indican no Anexo III.

A selección dos solicitantes que cumpran os requisitos de admisión realizarase por estrita orde de chegada da solicitude ata completar o número de prazas vacantes ofertadas.

O prazo para facer a solicitude comezará as 00:00 do 28-10-2025 e finalizará ás 23:59 do 15-11-2025, datas todas elas referidas ao horario peninsular de España.

Esta convocatoria substitúe á publicada na Sede electrónica da UDC con data 20/10/2025.

A Coruña,

Moisés Canle López
Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

ANEXO I.- Datos da oferta de prazas

TITULACIÓN	Nº PRAZAS	Dirección correo_e Administración/UXAI
Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	8	uxai.esteiro.academico@udc.gal
Mestrado en Arquitectura	62	administracion.etsac@udc.gal
Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria. Especialidade en Fundamentos de Investigación Biomédica	2	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria. Especialidade en Investigación e Innovación Sociosanitaria	3	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Avogacía e Procuradoría	2	administracion.dereito@udc.gal
Mestrado en Biofabricación	4	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Ciencia e Tecnoloxías de Información Cuántica	1	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	7	administracion.ciencias@udc.gal
Mestrado en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria. Especialidade en Intervención Psicosocial na Cronicidade, Discapacidade e Dependencia	10	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria. Especialidade en Rehabilitación Funcional na Cronicidade, Discapacidade e Dependencia	6	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Dereito Dixital e da Intelixencia Artificial	3	administracion.dereito@udc.gal
Mestrado en Desafíos das Cidades	2	administracion.etsac@udc.gal
Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos	4	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado en Economía	10	administracion.economia@udc.gal



Mestrado en Economía Circular	10	administracion.economia@udc.gal
Mestrado en Edificación Sustentable (autorizado trasvase entre modalidad online y presencial)	8	administracion.euatac@udc.gal
Mestrado en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	1	administracion.caminos@udc.gal
Mestrado en Enxeñaría e Deseño Industrial	2	uxai.esteiro.academico@udc.gal
Mestrado en Enxeñaría Informática	4	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Enxeñaría Mariña	7	administracion.nauticaemaquinas@udc.gal
Mestrado en Fabricación Aditiva	4	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado en Informática Industrial e Robótica	1	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado en Internet das Cousas - IOT	2	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Matemática Industrial	9	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Patrimonio Cultural Dixital	3	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos (online)	3	administracion.turismo@udc.gal
Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos (presencial)	12	administracion.turismo@udc.gal
Mestrado en Realidade Estendida	1	uxai.esteiro.epef@udc.gal
Mestrado en Técnicas Estatísticas	1	administracion.fic@udc.gal
Mestrado en Xerontoloxía	14	uxai.oza@udc.gal
Mestrado en Xestión e Dirección Laboral	5	uxai.esteiro.academico@udc.gal
Mestrado en Xestión Sostible da Auga	6	administracion.caminos@udc.gal



ANEXO II.- Documentación

- 1) Alumnado con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)
 - Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas (este documento pódese descargar na dirección: https://udc.es/gl/futuros_estudiantes/masteres/impresos/).
 - DNI ou pasaporte, en vigor.
 - Título que da acceso ao máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (de maneira provisional, aceptárase a solicitude de expedición do título oficial, de modo que no caso de que a persoa solicitante resultase admitida, poderá matricularse, pero deberá entregar o título ou o documento acreditativo de estar en posesión do dito título, antes do inicio das datas de avaliación das materias do primeiro cuatrimestre).
 - Certificación académica oficial ou Suplemento Europeo ao Título (SET) na que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro. Se no mesmo non se reflicte a nota media do expediente en base 10, baremarase coa cualificación mínima (5 puntos).
 - As persoas solicitantes con títulos que no sexan do sistema universitario español, deberán presentar ademais unha declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros (este documento pódese descargar na dirección: https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias).
 - Calquera outra documentación específica requirida polo coordinador ou pola Administración/UXAI.
- 2) Alumnado con títulos universitarios de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)
 - Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas (este documento pódese descargar na dirección: https://udc.es/gl/futuros_estudiantes/masteres/impresos/).
 - DNI ou pasaporte, en vigor.
 - Título que da acceso aos estudos de máster debidamente legalizado.
 - Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de máster ou de posgrao ou, no seu defecto, declaración responsable de estar en posesión da titulación necesaria para acceder a estudos de máster (este documento pódese descargar na dirección: https://udc.es/gl/futuros_estudiantes/masteres/impresos/).
 - Certificación académica oficial dos estudos realizados debidamente legalizada, na que conste:
 - A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - As materias cursadas.
 - A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - A cualificación e a escala de cualificacións.



- Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros (este documento pódese descargar na dirección: https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias).
- Calquera outra documentación específica requirida polo coordinador ou pola Administración/UXAI.

3) Alumnado do sistema educativo español pendente de superar o TFG e máximo 9 ECTS

- Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas (este documento pódese descargar na dirección: https://udc.es/gl/futuros_estudiantes/masteres/impresos/).
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Declaración responsable para admisión máster (este documento pode descargarse na dirección: https://udc.es/gl/futuros_estudiantes/masteres/impresos/).
- Certificación académica na que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.
- Calquera outra documentación específica requirida polo coordinador ou pola Administración/UXAI.

Para todos os solicitantes:

- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán acompañarse da súa tradución oficial ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes con titulacións obtidas en países do EEES non membros da UE ou non asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a documentación legalizada.
- Se a persoa solicitante non pode enviar a documentación legalizada, bastará de forma provisional con que envíe unha copia de ter solicitado a correspondente legalización ou apostila do título e da certificación académica.



ANEXO III.- Datos persoais

Debe achegarse, co correo electrónico no que solicita a admisión, un documento cos seguintes datos:

- Apelidos, Nome
- DNI/Pasaporte
- Nacionalidade
- Xénero
- Teléfono
- Datos de nacemento:
 - o Data de nacemento
 - o Localidade de nacemento
 - o País de nacemento
- Datos do domicilio habitual:
 - o Dirección
 - o Localidade
 - o Provincia (no seu caso)
 - o País
 - o Código postal (no seu caso)
- Datos do domicilio durante o curso:
 - o Dirección
 - o Localidade
 - o Provincia (no seu caso)
 - o País
 - o Código postal (no seu caso)